GALICIA
2014-2020

Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra

Informe 2019

Resumo do Informe Anual
de 2019 do Grupo de Acción
Local do sector Pesqueiro
da Ría de Pontevedra

O GALP Ría de Pontevedra contribúe, mediante o financiamento de proxectos e a súa propia actividade, a conseguir os obxectivos fixados na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo de 2015. Ao longo de 2019 reflexionamos sobre os resultados acadados na primeira metade do período de aplicación: 2016–2018.

Dende o GALP Ría de Pontevedra **agradecemos a participación e o apoio das persoas asociadas e emprendedoras, das empresas e das entidades colaboradoras** e agardamos seguir contando con todas elas no deseño de accións que promovan o desenvolvemento sostible na Ría de Pontevedra.

A marcha do programa ao longo do ano recóllese na seguinte gráfica, que amosa unha alta demanda de fondos en proxectos. Moitos deles execútanse en varias anualidades, polo que a execución ao longo do ano é inferior á cantidade de proxectos aprobados.

Programa Axudas 2019



1. Programa de axudas a proxectos: Apoio ás persoas promotoras e xestión de solicitudes

Das dúas convocatorias anuais, a primeira é a que dispón do orzamento da anualidade completo, e a que xera un maior interese no territorio. Dende o GALP Ría de Pontevedra facemos un intenso esforzo por dala a coñecer, poñendo os nosos recursos a disposición das persoas promotoras, asesorándoas e acompañándoas na formulación dos seus proxectos.

PRÓXIMAS CONVOCATORIAS	2020	2021
1ª convocatoria	Ata o 1 de marzo	1 de marzo
2º convocatoria	Ata o 1 de setembro, se sobran fondos.	

Ao longo do mes de febreiro de 2019 realizáronse **oito xornadas de presentación da nova orde de axudas a proxectos**. Nelas, o GALP deu a coñecer os cambios introducidos, as orientacións da EDLP e os criterios de avaliación de proxectos. Grazas á promoción que fixemos desta convocatoria e o asesoramento co que contaron os promotores recibimos **32 solicitudes de axuda** en total, entre as convocatorias de marzo e setembro de 2019 (20 para proxectos produtivos e 22 para non produtivos). Destes proxectos, propuxéronse 20 para a súa aprobación (13 produtivos e 7 non produtivos) dos que finalmente **16 foron aprobados pola Consellería do Mar**.



PROXECTOS APROBADOS E EN EXECUCIÓN

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1:
Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e a promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura

> Produtivos

Mellora da comercialización e distribución de produtos da pesca

(Artesa Rías Baixas S.L.)

Axuda pública aprobada: 14.756,64 € (Subvención do 45%)

Adquisición dun vehículo isotermo de baixo impacto ambiental para reforzar a capacidade de distribución de produto pesqueiro.

FOTO: ARTESA

Luamar: nueva cetárea y cocedero de mariscos

(Fernando Ruano Aguín)

Axuda pública aprobada: 27.540,06 € (Subvención do 45%)

O promotor, con experiencia na acuicultura, quere diversificar a súa actividade coa comercialización de mariscos, tanto a particulares como a hostalería. Acondicionará un local situado a pé de praia, reformándoo e instalando o debido equipamento para convertelo nunha cetaria e cocedoiro de mariscos.

FOTO: LUAMAR

Mesón A Lareira

(Sauro Martínez Durán)

Axuda pública aprobada: 46.882,75€ (Subvención do 45%)

Comercialización de produtos da pesca costeira artesanal, capturados polo propio promotor, nun local de hostalería enfocado á posta en valor da pesca local. Realizarase a adecuación do local e dotarase de equipo.

Tapería mariñeira La Cueva

(Juan Manuel Castro Rea)

Axuda pública aprobada: 29.682,38 € (Subvención do 40%)

Acondicionamento de local de hostalería para a posta en valor do produto pesqueiro local procedente da pesca costeira artesanal da Ría de Pontevedra.

> Non produtivos

Mellora da trazabilidade no punto de control de «A Seca»

(Confraría de Pescadores «San Telmo» de Pontevedra)

Axuda pública aprobada: 34.003,84 € (Subvención do 80%)

Mellora da trazabilidade do produto marisqueiro coa adquisición e instalación de equipos para o control da trazabilidade no punto de control. A maiores, para a correcta utilización dos equipos informáticos de trazabilidade realizaranse cursos formativos de capacitación das mariscadoras e mariscadores e contratarase persoal de vixilancia, control e manexo do sistema de trazabilidade no punto de control d'A Seca.

Pesctrans: da lonxa á porta

(Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu)

Axuda pública aprobada: 30.024,00 € (Subvención do 80%)

Mellora dos medios de comercialización da Lonxa de Bueu coa adquisición dun furgón refrixerado que permite ofrecer o transporte dos produtos da pesca artesanal á clientela.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3:
Impulsar e aproveitar o patrimonio medio ambiental da zona costeira, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, e contribuír á concienciación cidadá

> Produtivos

Ciclo-ría: Cicloturismo na Ría de Pontevedra

(Cristina Collazo Piña)

Axuda pública aprobada: 14.942,14 € (Subvención do 45%)

Proxecto de turismo activo que ten o obxectivo a mellora, ampliación e impulso do cicloturismo, poñendo en valor o patrimonio e os recursos naturais e culturais da Ría de Pontevedra. O obxectivo: dar a coñecer a nosa cultura, apostando pola desestacionalización do turismo e creando unha nova fonte de diversificación económica.

Adquisición dunha embarcación adaptada para buceo

(Leopoldo Leiro González)

Axuda pública aprobada: 41.060,31 € (Subvención do 50%)

Adquisición dunha embarcación adaptada ás persoas vulnerables (discapacitadas físicas, sensoriais ou psíquicas) para realizar de maneira cómoda e segura as actividades de mergullo. A embarcación leva incorporado un sistema de paneis fotovoltaicos flexibles e un regulador solar, o cal supón unha innovación da construción e da posta en funcionamento deste tipo de embarcacións, así como unha mellora do medio ambiente e do desenvolvemento sustentable.

Adquírese tamén un equipo informático para a dixitalización de formación adaptada, realización de charlas ambientais e rutas en barco e de avistamento de aves.

A Cavalaría

(Espazo Natural A Cavalaría S. L.)

Axuda pública aprobada: 198.366,08 € (Subvención do 45%)

Construción dun centro ecuestre no Concello de Sanxenxo para a realización de actividades de lecer estreitamente relacionadas coa natureza e o patrimonio medio ambiental. A iniciativa é dun profesional da navalla da Confraría de Portonovo que pretende desenvolver unha actividade alternativa á pesqueira.

Píllaras da Lanzada

(Píllaras y Ardillas S. L. L.)

Axuda pública aprobada: 200.000,00 € (Subvención do 42'44%)

Construción de seis apartamentos turísticos da natureza e unha tenda con exposición de produtos artesanais locais especialmente relacionados coa pesca artesanal. Este proxecto quere crear un produto de aloxamento turístico da natureza innovador, sostible e que dea acceso á clientela a aspectos medioambientais, culturais e tradicionais vencellados ao mar e ao sector pesqueiro. Unha oferta diferente que aproveita o patrimonio medio ambiental da zona pesqueira e fai a súa achega á loita pola mitigación do cambio climático.

> Non produtivos

Vídeo documentación de especies da Ría de Pontevedra

(Asociación Cultural Rías de Vida)

Axuda pública aprobada: 8.339,84 € (Subvención do 80%)

Captación de material audiovisual: un total de 27 vídeos compilan a riqueza da biodiversidade submarina da Ría de Pontevedra. Os vídeos son de libre acceso na canle de Youtube 'Rías de Vida'

https://www.youtube.com/channel/UCxJkNKoE-_XX9VKbIzGOEhQ

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4:
Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

> Produtivos

Rooteiro (Andrés Rodiño Lis)

Axuda pública aprobada: 9.339,04 €
(Subvención do 45%)



Un fermoso xogo de palabras entre o inglés e o galego inspira este proxecto: root (raíz en inglés) e roteiro. Esta axencia de viaxes, baixo o lema «Slow Atlantic Experience», aposta por unha visita diferente ao noso territorio.
Quere promover o patrimonio en todos os seus ámbitos ofrecendo rutas que mesturan cultura, natureza, enoturismo, turismo mariñeiro e gastronomía.

Cabanas mariñeiras de Cabo Udra, coa esencia tradicional da batea
(Rosa Ana Estévez Cruz)

Axuda pública aprobada: 200.000,00 €
(Subvención do 44'097%)

Construción de cinco cabanas mariñeiras inspiradas no deseño da batea tradicional preto do espazo natural de Cabo Udra. En contacto coa natureza, a historia e as lendas da zona.

> Non produtivos

Pesca na ría: Cultura e tradición
(Concello de Pontevedra)

Axuda pública aprobada: 14.471,60 €
(Subvención do 80%)

Realización dun documental que recompile e poña en valor o patrimonio marítimo e pesqueiro (material e inmaterial) da contorna da Ría de Pontevedra. Esta peza documental quere asegurar a transferencia de coñecementos das «vellas e vellos do mar», persoas vinculadas ao desenvolvemento da pesca costeira artesanal (artes de pesca, tipoloxías de embarcacións tradicionais, carpintería de ribeira, oficios, festexos, etc.), con especial atención ao papel tradicional da muller (mariscadoras, redeiras, peixeiras, etc.) no sector pesqueiro da Ría de Pontevedra.

https://www.youtube.com/watch?v=nwcl8HG276E

2. Proxectos de Cooperación

Aproveitar o potencial dos territorios e unir forzas abre o camiño para poñer en valor a riqueza e a variedade de cada zona pesqueira. Traballando de forma colaborativa, procurando a innovación e o aumento da competitividade, sempre desde o fomento da igualdade e das habilidades dos diversos axentes que o integran, o GALP Ría de Pontevedra continuou a executar e a buscar proxectos de cooperación cos outros GALPs galegos e, no futuro, está aberto á cooperación con outras comunidades de España e tamén a nivel europeo.



Ruta dos Faros

Os GALPs seguen apostando polo turismo mariñeiro co desenvolvemento do proxecto de cooperación «Ruta dos Faros», continuidade do proxecto «Margalaica» nacido en 2011 para **potenciar o turismo mariñeiro** na costa galega. Coa continuidade do proxecto búscase a consolidación e dinamización da ruta de touring por toda a costa galega realizada no 2017 para poñer de relevo iniciativas turísticas que contribúen ao achegamento ao mar (hostalería, empresas de turismo activo, centros de interpretación, etc.).

Neste proxecto **participan**: GALP Seo de Fisterra e Ría de Muros e Noia: Costa Sostible (*coordinador*), GALP A Mariña-Ortegal, GALP Golfo Ártabro Norte, GALP Costa da Morte, GALP Ría de Arousa e GALP Ría de Pontevedra.

Ao longo de 2019 puxéronse en funcionamento produtos turísticos novidosos ao redor da Ruta dos Faros que impulsaron a súa dinamización, como por exemplo actividades de sendeirimo en enclaves singulares da ruta ou novas propostas de hostalería, restauración, lecer ou culturais.

rutadosfaros.gal
@margalaica

Visita ao Museo Massó

Mar das Illas Atlánticas 3:
Apoio ao desenvolvemento de iniciativas turísticas dende o sector pesqueiro

Coordinado polo GALP-Ría de Pontevedra e participado polos GALP Ría de Arousa e Ría de Vigo-A Guarda, este proxecto naceu no 2017 para **promover o turismo mariñeiro entre o colectivo mariñeiro nas Rías Baixas de Galicia e os seus familiares, especialmente no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.**

Ante o interese que espertou no sector pesqueiro das Rías Baixas, os tres GALPs implicados decidiron continuar co impulso ao turismo mariñeiro nas Rías Baixas a través do proxecto de cooperación «Mar das Illas 3: Apoio ao desenvolvemento de iniciativas turísticas dende o sector pesqueiro». Con esta nova etapa do proxecto dase continuidade ao esforzo en formación e ao traballo realizado polos profesionais do sector pesqueiro nas fases anteriores. Póñense agora en marcha accións diversas, entre as que destacan a **Titorización de proxectos de turismo mariñeiro** e a **creación de Proxectos piloto de turismo mariñeiro na especificidade de pesca-turismo**, atendendo ao novo marco normativo que regula esta actividade (Real Decreto 239/2019 de 5 de abril polo que se establecen as condicións para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo).

Esta nova etapa de Mar das Illas seguirá levando a cabo accións de apoio a iniciativas turísticas:

Realizadas en 2019

- **Formación**: realización de novas edicións dos cursos de Iniciación ao Turismo Mariñeiro e Sostibilidade e Boas Prácticas. Obxectivo: dar a oportunidade de formarse a todos/as profesionais que non puideron facelo nas primeiras edicións.

Presentación das titorías

Entrega de diplomas despois da formación

- **Programa de Titorización de iniciativas turísticas:** o obxectivo é asesorar as persoas participantes nos principais aspectos para poñer en marcha iniciativas de turismo mariñeiro e pesca-turismo adaptado á nova lexislación nacional e autonómica (adaptacións das embarcacións, seguridade social, fiscalidade, subvencións...). Inclúe orientacións na obtención das autorizacións e permisos e a redacción dun Programa interpretativo das actividades que se pretendan levar a cabo (creación de experiencias).
- **Deseño de protocolos de atención ao público, emprendemento e atención a persoas con diversidade funcional.** Obxectivo: facilitar ferramentas que axuden á posta en marcha e mellora da calidade das actividades ofertadas.

Actividades para 2020:

- **Organización e apoio de Proxectos piloto de turismo mariñeiro:** a Comisión de Seguimento e Dirección selecciona cando menos tres proxectos para poñer en marcha nun piloto. A cidadanía participa na súa posta en marcha.
- **Xornada Internacional de Turismo Mariñeiro.** Obxectivo: presentar os resultados do proxecto piloto e dar a coñecer outras iniciativas de turismo mariñeiro, tanto do noso país como doutros países do noso contorno.
- Xornadas de **portas abertas** á cidadanía

mardasillas.com
@proxectomardasillas

Mar de velas
Deseño de rede de mariñas e navegación tradicional

Coa participación dos GALP Ría de Arousa, GALP Ría de Pontevedra e GALP Golfo Ártabro-Sur e baixo a coordinación do GALP Costa Sostible, Mar de Velas naceu para elaborar un plan estatéxico que permita a xestión da oferta de embarcacións tradicionais establecendo un modelo de explotación orientado ao mercado turístico, pero tamén un modelo de organización e xestión para albergalas en mariñas tradicionais, desembocando na creación dunha **rede de mariñas e de navegación tradicional**.

A formulación deste plan estratéxico permitiu que foran as asociacións vencelladas ao patrimonio marítimo e fluvial as que o levaron a cabo.

Durante o desenvolvemento do proxecto fíxose unha **Análise e diagnose do estado das embarcacións tradicionais de Galicia e do patrimonio e cultural (material e inmaterial)** que contempla, a través de diversas mesas de traballo, visitas individualizadas e reunións en cada un dos catro territorios dos GALPs implicados cos colectivos e asociacións de embarcacións tradicionais.



Tras a recollida e a análise da información realizouse un **taller participativo** cos representantes dos GALPs e das asociacións de embarcacións tradicionais onde se detectaron fortalezas e oportunidades das embarcacións tradicionais e onde se enfocou tanto o seu futuro e como as posibles ameazas.

Como resultado deste traballo, cóntase cunha Diagnose do estado das embarcacións tradicionais e cun Plan estratéxico para a súa xestión orientado ao mercado turístico.

Morada Atlántica + Espazo Atlático

O impulso aos valores diferenciais da gastronomía atlántica nos oito territorios que abranguen os Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro en Galicia é o principal obxectivo deste proxecto liderado polo GALP Costa da Morte e cunha rede de colaboración que integran os GALP A Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.

A promoción de especies procedentes da pesca e do marisqueo local, as bondades da cociña de mercado baseada no produto de proximidade (Km 0), o papel fundamental dos produtores locais, a trazabilidade e a comunicación directa co consumidor, a posta en valor de receitas tradicionais ou de produtos con Denominación de Orixe forman parte dos obxectivos de **Morada Atlántica + Espazo Atlántico**.

Grazas á incorporación da tecnoloxía, isto tradúcese en ferramentas dixitais que nos axudan a atopar os mellores locais onde disfrutar dos produtos do Atlántico.

Por outra banda, **Morada Atlántica ten unha vertente enfocada á cultura mariñeira do Atlántico** que aposta pola dinamización da Rede de Espazos con contido Museístico Atántico (REMA). Busca promover a oferta cultural, patrimonial, etnográfica e dar a coñecer os diferentes espazos museísticos e exposicións divulgativas relacionadas coa cultura mariñeira. A rede REMA está aberta á adhesión dos espazos que cumpran os requisitos do proxecto.

Tamén ao longo de 2019 o proxecto Morada Atlántica adheriu á súa rede de museos REMA as seguintes entidades:

1. Museo Mares de Cedeira
2. Museo de Hª Natural de Ferrol
3. Centro de Interpretación Caldoval
4. Torre de Hércules da Coruña
5. Arquivo da Pesca de Caión
6. Ecomuseo Forno do Forte de Buño
7. Museo do Mar de Laxe
8. Museo Man de Camelle
9. Museo da Pesca de Fisterra
10. Fábrica de Sel de Muros
11. Pozo do Cachón de Muros
12. Museo Marea de Porto do Son
13. Acuario do Grove
14. Museo ANFACO da Industria Conserveira
15. Casa da Navegación de Baiona
16. Museu Marítimo de Ílhavo
17. Museo da Construcción Naval, EXPONAV, Ferrol
18. Museo do Encaixe, Camariñas
19. Museo da Conserva Cerdeimar, Camariñas
20. CEIDA, Oleiros
21. Sala Museo Municipal de Riveira
22. Aquarium Finisterrae, A Coruña
23. Aula da Natureza Cabo Udra, Bueu
24. Centro de Interpretación do Litoral, Bueu
25. Museo do Mar da Guarda
26. Océano Surf Museo, Valdoviño
27. Museo Marítimo de Asturias

Unha das accións de dinamización que se levou a cabo foi a xira por toda a costa galega da exposición "O Océano que nos une" con paneis representativos dos oito primeiros centros da rede REMA. No mes de decembro a exposición chegou a Bueu.

3. Actividades do GALP Ría de Pontevedra para a dinamización e o seguimento da EDLP

Avaliación intermedia

En maio de 2019, o GALP Ría de Pontevedra puxo en marcha a avaliación intermedia da execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do territorio (EDLP), a análise do funcionamento do programa de axudas e do GALP. A EDLP define as principais liñas de actuación para o período 2014-2020, polo que co obxecto de realizar unha análise, este é un paso moi importante que dá conta da situación real da súa execución, de cara a establecer os mecanismos correctores oportunos.

Ao longo de seis meses o GALP R-P, procurando a participación dos órganos de goberno, as e os promotores de proxectos e a poboación que forma parte do seu territorio, coa axuda de diferentes **eventos participativos** analizou todos os aspectos relativos á marcha da EDLP (criterios de avaliación e baremación de proxectos, financiamento dos eixos de actuación, dinamización da súa actividade, etc.) dando lugar a propostas que permitirán ao GALP mellorar a súa comunicación e participación e modificar a súa EDLP.

Evento Participativo	Data
Mesas Sectoriais: Obradoiro Barreiras Implementación da EDLP	27 de maio
Xunta Directiva: Sesión síntese retos dinamización sector	17 de xuño
Mesas Sectoriais: Seminario Integración e deseño cambios EDLP	27 de xuño
Xunta Directiva: Sesión traballo selección de obxectivos e accións	9 de setembro
Punto de difusión móbil Bueu e Portonovo	12 de setembro
Foro «Activando o Cambio»	5 de outubro

De arriba abaixo e de esquerda a dereita: sesión de traballo da xunta directiva, posto de difusión móbil en Portonovo, obradoiro Barreiras Implementación da EDLP, foro Activando o Cambio e sesión de traballo da Avaliación intermedia.

Propostas de modificación da EDLP

1 Revisión da distribución de fondos entre eixos, sen alterar as perspectivas futuras de desenvolvemento de proxectos para o sector pesqueiro.

	Total EDLP 2016 - 2020	Total previsto execución 2016 - 2018	Total executado/ comprometido 2016 - 2018	Diferencia	Proposta modificación EDLP
Obxectivo valor engadido	2.044.007 €	1.226.404 €	748.272 €	478.132 €	1.565.875 €
Obxectivo diversificación	1.171.185 €	702.711 €	1.354.055 €	-651.344 €	1.649.317 €
Obxectivo medio ambiente	518.795 €	311.277 €	31.245 €	280.032 €	618.795 €
Obxectivo patrimonio	482.613 €	289.568 €	0 €	289.568 €	382.613 €
Obxectivo gobernanza	69.581 €	41.749 €	35.073 €	6.675 €	69.581 €
Total programa axudas	**4.286.181 €**	**2.571.709 €**	**2.168.645 €**	—	**4.286.181 €**

2 Proposta de non financiamento a novos proxectos de apartamentos turísticos

3 Proposta de modificación de criterios de avaliación de proxectos.

PROXECTOS PRODUTIVOS

Proponse incluír cambios no grupo de criterios relativos a avaliar os impactos dos proxectos sobre o territorio:

- Modificar o criterio de **INCIDENCIA AMBIENTAL,** de xeito que se reparten os 10 puntos que tiña en dous novos criterios:
  - **Incidencia ambiental.** Agora, ademais das cuestións que se valoraban relativas á mellora da eficiencia enerxética, a mellora paisaxística ou a concienciación ambiental, inclúe tamén criterios de compra local ou sostible.
  - **Incidencia no recurso pesqueiro.** Valorarase con 5 puntos se o proxecto incide na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro, garantindo a sostibilidade e o uso eficiente dos recursos mariños.
- Modificar o criterio de **NOVAS TECNOLOXÍAS,** de xeito que pasará a enunciarse como DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS. Valorará con 5 puntos, ademais daqueles

proxectos que inclúan os últimos desenvolvementos tecnolóxicos e as súas aplicacións, a baremación de proxectos que inclúan medidas de dixitalización ou alfabetización tecnolóxica entre as persoas destinatarias.

- Modificar o criterio de **INCORPORA ENTIDADES EDUCATIVAS – MOCIDADE** cambiando o seu enunciado por un máis claro respecto dos resultados esperados: INCORPORA ACTIVIDADES ORIENTADAS Á INFANCIA E Á MOCIDADE.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Proponse incluír cambios **no grupo de criterios relativos a avaliar os impactos dos proxectos sobre o territorio:**

- Incluír unha aclaración na avaliación do criterio ADECUACIÓN Á ESTRATEXIA que defina a puntuación que corresponde a cada proxecto en función das súas implicacións no logro dos obxectivos específicos da EDLP, do seguinte xeito:
  - › 5 PUNTOS: se contribúe a un obxectivo específico
  - › 10 PUNTOS: se contribúe a 2 obxectivos específicos
  - › 15 PUNTOS: se contribúe a 3 obxectivos específicos
  - › 17 PUNTOS: se contribúe a 4 ou máis obxectivos específicos

AVALIACIÓN DE IMPACTOS SOBRE O TERRITORIO

- Incluír unha aclaración a avaliación do criterio APROVEITAMENTO RECURSOS ENDÓXENOS OU CREACIÓN SERVIZOS A POBOACIÓN que sinale que se outorgarán "un máximo de 4 puntos a aqueles proxectos que desenvolvan un estudo e ata 8 puntos a aqueles proxectos que xeren un novo servizo material á poboación".
- Modificar o criterio de incidencia ambiental, de xeito que se repartan os 15 puntos que tiña en tres novos subcriterios:
  - › Valoraranse con 5 puntos aqueles proxectos que inclúan criterios de compra local ou sostible.
  - › Poderán acadar 10 puntos aqueles proxectos que inclúan investimentos que minoren impacto ambiental da súa actividade ou realicen actividades de sensibilización ambiental.
  - › Poderán acadar 15 puntos os proxectos que incidan na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou o marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro, garantindo a sostibilidade e o uso eficiente dos recursos mariños.

- Modificar o criterio de NOVAS TECNOLOXÍAS, de xeito que pasará a enunciarse DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS e valorará con 5 puntos, ademais daqueles proxectos que inclúan os últimos desenvolvementos tecnolóxicos e as súas aplicacións tamén a baremación de proxectos que inclúan medidas de dixitalización ou alfabetización tecnolóxica entre as persoas destinatarias.

INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

- Modificar o criterio de INCORPORA ENTIDADES EDUCATIVAS – MOCIDADE cambiando o seu enunciado por un máis axeitado: INCORPORA ACTIVIDADES ORIENTADAS Á INFANCIA E Á MOCIDADE.

4 Proposta de redución da puntuación necesaria para acadar a máxima porcentaxe de financiamento dos proxectos

Proponse rebaixar a puntuación mínima necesaria para acadar a porcentaxe máxima de financiamento, de xeito que pase de 81 puntos a 75, tanto en proxectos produtivos coma non produtivos.

5 Proposta de redución do panel de indicadores da EDLP.

Pescado Artesanal

Pescadoartesanal.com é a aposta do GALP Ría de Pontevedra para impulsar a comercialización das capturas provintes da pesca artesanal da Ría de Pontevedra.

O GALP contratou unha Asistencia técnica comercial que, ademais de apoiar e asesorar ao sector pesqueiro no uso da plataforma pescadoartesanal.com como medio para a mellora do negocio, tivo como principais actividades:

- **Campaña de promoción e visitas personalizadas** ás empresas do sector para informalas do seu emprego, proporcionándolles unha alternativa para abastecerse de produto pesqueiro sostible, sen intermediarios, a través de internet e co conseguinte aforro económico e de desprazamentos. O obxectivo era a mellora dos servizos e o aumento da popularidade e do emprego da plataforma. Grazas a esta campaña foron 37 as empresas que coñeceron polo miúdo a plataforma.

- **Campaña de control dos distintivos entregados ás pescantinas de «pescadoartesanal.com»**.
  Este reforzo da vertente pública do proxecto supuxo a retirada dos distintivos a un establecemento pero tamén o engadido dunha praza co distintivo pescadoartesanal.com: a pescadería da distribuidora O Percebeiro na Praza de abastos de Santiago.
- En 2019 **cinco novos restaurantes sumáronse aos 28** que xa tiñan o compromiso de identificar a orixe do peixe provinte das lonxas da Ría de Pontevedra e capturado con artes de pesca artesanais.
- Realizáronse **charlas informativas** sobre o produto pesqueiro da Ría de Pontevedra con todas as asociacións veciñais, de consumidores e de amas de casa que as solicitaron, así como **visitas guiadas ás prazas de abastos** enfocadas á distinción de especies, ao coñecemento das artes de pesca, da bioloxía, dos índices de frescura, do etiquetado do produto pesqueiro, etc.
- Promoción a través das redes sociais de restaurantes e pescantinas que cumpren os requisitos de adhesión e do produto pesqueiro da Ría de Pontevedra.

Reunión co sector pesqueiro sobre a mellora da plataforma

Visita guiada á praza de abastos de Pontevedra (actividade organizada co concello de Pontevedra)

II Festa da empanada mariñeira de Portonovo

Os días 28 e 29 de setembro a lonxa de Portonovo acolleu a II Festa da empanada mariñeira, que contou coa participación do GALP Ría de Pontevedra promovendo o consumo de peixe proveniente da pesca artesanal na ría de Pontevedra. O produto pesqueiro artesanal da Ría de Pontevedra foi o protagonista do showcooking «A cociña Atlántica» a través do cal as persoas asistentes puideron coñecer a plataforma pescadoartesanal.com, as especies que se poden atopar nas nosas lonxas e as vantaxes de consumir produto local.

Presentación da II Festa da Empanada Mariñeira de Portonovo

Visita de estudo a Menorca

Coñecer as actividades relacionadas co turismo mariñeiro que se están a desenvolver noutros territorios é outra das actividades que o GALP Ría de Pontevedra realiza anualmente. Desta vez, xunto co GALP Ría de Arousa e o GALP Ría de Vigo – A Guarda, participou nunha viaxe de estudo a Menorca para coñecer de primeira man as iniciativas de pescaturismo que se están a desenvolver, as reservas mariñas baleares e a súa xestión pesqueira, así como as condicións para o desenvolvemento da actividade de pescaturismo.

Reunión de intercambio de propostas co sector e coa administración pesqueira de Menorca.

VI Congreso da Rede Española de Mulleres no Sector pesqueiro: Pola igualdade na pesca

En novembro de 2019 unha delegación do GALP Ría de Pontevedra desprazouse a Xixón para asistir ao VI Congreso da rede española de mulleres no sector pesqueiro. Esta cita é importante para o GALP-RP, pois conta cunha gran representación de mulleres que traballan no sector pesqueiro e permite coñecer a súa situación no conxunto do Estado.

Visitando o GALP Ría de Pontevedra

- En abril de 2019 un grupo de funcionarios da administración pesqueira de Alxeria, como parte dun proxecto do CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar), visitaron o GALP Ría de Pontevedra para coñecer os proxectos desenvolvidos polo sector pesqueiro que poñen en valor os produtos pesqueiros promovidos polo GALP. A delegación asistiu a unha presentación que explicaba o funcionamento do GALP e o seu programa de axudas a proxectos, así como da plataforma de comercialización conxunta das lonxas da Ría de Pontevedra pescadoartesanal.com.

  Ademais, a delegación alxerina tivo a oportunidade de visitar a lonxa do porto de Marín, a planta frigorífica Rosa de los Vientos e as instalacións de O Percebeiro.

- En xullo de 2019, representantes do GALP Golfo Ártabro Norte visitaron a delegación do GALP Ría de Pontevedra para coñecer os distintos proxectos que se desenvolven no seu territorio e intercambiar experiencias. A delegación do GALP Golfo Ártabro Norte tivo a oportunidade de coñecer de primeira man os proxectos Frigoríficos Rosa de Los Vientos, Mares de Galicia, os proxectos levados a cabo na confraría de pescadores «San Martiño» de Bueu, o punto de control das mariscadoras de A Seca e o proxecto de turismo mariñeiro da lonxa de Portonovo.

- Tamén o GALP Ría de Vigo – A Guarda quixo coñecer os proxectos Mares de Galicia, Frigoríficos Rosa de Los Vientos e os proxectos da confraría de pescadores «San Martiño» de Bueu.

Presentación do GALP ante a delegación alxerina

A delegación do GALP Golfo Ártabro Norte visitou as instalacións de Rosa de Los Vientos

Remuda xeracional

No pasado exercicio desenvolveuse unha nova edición do programa **Remuda xeracional. Cal é o teu oficio?** para difundir entre a mocidade as posibles saídas laborais que ofrece o mundo do mar. Esta iniciativa, levada a cabo cos fondos de dinamización do GALP, promove o interese polo sector marítimo pesqueiro dende unha perspectiva profesional e laboral. O obxectivo: frear a falta de remuda xeracional que o sector pesqueiro vén experimentando nos últimos anos.

O programa presentouse a todos os centros educativos públicos e concertados do territorio do GALP Ría de Pontevedra (Poio, Marín, Meaño, Sanxenxo e Pontevedra), e realizouse en dúas fases:

1) Obradoiro no centro de ensino para amosar cales son os oficios vinculados ao sector e que titulacións académicas son necesarias.

2) Excursión ás entidades do sector marítimo pesqueiro, en función do interese amosado no obradoiro polo alumnado no centro de ensino. Esta visita permite captar a realidade do sector e ter un achegamento realista aos oficios e experiencias dos traballadores do sector.

Ao longo do último trimestre do ano realizáronse **24 obradoiros** nos distintos centros públicos e concertados do territorio do GALP-RP, chegando a máis de 900 alumnos/as e informándoos das titulacións e saídas profesionais que ofrece o mundo do mar.

Despois, na segunda fase do proxecto, alumnado de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de coñecer diferentes centros de traballo pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro. Participaron unha boa mostra delas: AMEGROVE, Estaleiros Polymade, Mariscos Malliño, a Lonxa de Portonovo, ASMECRUZ, a Lonxa de Bueu, a escola de FP Marítimo Pesqueira de Bueu, O Percebeiro, o punto de control das mariscadoras de Lourizán,

INTECMAR, Rodman Polyships e Rosa de los Vientos. A todas agradecemos a súa colaboración desde o GALP Ría de Pontevedra.

Dar a coñecer os traballos e as saídas académicas vinculadas ao mar é unha boa maneira de que a mocidade valore e teña en consideración o sector marítimo-pesqueiro coma unha boa opción de futuro e, ao tempo, lograr a tan necesaria remuda xeracional no sector.

Podes atopar os vídeos resumo das actividades do programa «Remuda Xeracional» na canle de Youtube do GALP Ría de Pontevedra (https://www.youtube.com/watch?v=kg744sKzOSY)

Amar o mar

A preocupación ambiental, lonxe de diminuír, aumenta cada ano a nivel mundial. **A Ría de Pontevedra non é allea aos retos de futuro** aos que nos enfrontamos, derivados da contaminación e do cambio climático, sobre todo aqueles que teñen que ver co medio ambiente mariño e que afectan ao noso sector pesqueiro.

O GALP Ría de Pontevedra, como parte da súa aposta pola educación ambiental como ferramenta necesaria para afrontar un futuro sostible, puxo en marcha no 2019 o proxecto **Amar o Mar, Ría de Pontevedra sen plásticos. Afondar no coñecemento** do medio mariño e do litoral e concienciar a cidadanía da necesidade de conservación das nosas praias e os seus valores naturais, facendo especial incidencia na problemática da contaminación mariña por plásticos son os principais obxectivos deste proxecto.

O programa dirixiuse a escolares de 5º e de 6º de primaria e conseguiu a implicación de toda a comunidade escolar. Nesta primeira edición **participaron 231 persoas (alumnado, profesorado e pais e nais) de seis colexios** (un por cada concello do territorio do GALP Ría de Pontevedra):

- CEIP Coirón-Dena en Meaño
- CEIP Plurilingüe A Florida en Sanxenxo
- CEIP Plurilingüe de Chancelas en Poio
- CEIP Cabanas en Pontevedra
- CEIP de Seixo en Marín
- CEIP da Torre-Cela en Bueu

Celebrouse unha charla de sensibilización nos centros (dunha hora de duración) que incluía unha actividade lúdica e a limpeza dunha praia próxima ao centro educativo (dúas horas). Durante as tarefas de limpeza fomentouse que o alumnado tivera que traballar como científicos/as auténticos/as separando e contabilizando

Recollendo lixo para activar a conciencia ecoloxista

os distintos tipos de lixo mariño atopados. Seguiuse o protocolo de traballo estandarizado de Marnobra, unha plataforma que recompila, almacena e amosa dun modo sinxelo información sobre o lixo mariño das costas e das praias españolas. Tamén se estudaron os microplásticos agochados entre as algas e os grans de area, con axuda de pinzas e lupas.

Ao final da xornada fíxose unha posta en común contabilizando e pesando todo o lixo retirado. Entre os resultados máis salientables do proxecto, destacamos:

- A retirada de **30 kg de envases de plástico** e **26 kg de lix**o da fracción resto na praia de Praceres en Pontevedra (unha praia que tan só ten 30 metros de longo).
- **17 kg envases de plástico,** 53 kg da fracción resto e 577 cabichas en 280 m da praia de Aguete, en Marín.
- **200 kg de plásticos** e **300 kg da fracción resto** na praia de Chancelas, Poio, de 210 m de longo.
- **1235 cabichas** en 100 m da praia de Silgar, en Sanxenxo.
- **259 fragmentos de plástico** menores de 2,5 cm e 174 tapóns de plástico, 1,5 kg de velas e cera e 1 bidón con gasoil en 200 m da praia de Foxos, en Sanxenxo.
- **160 fragmentos de plástico** menores de 2,5 cm e 141 envoltorios de lambetadas, en 200 m da praia de Agrelo, en Bueu.

30kg de plástico nunha praia de **30m** de longo

1235 cabichas en **100m** da praia de Silgar

174 tapóns de plástico en **200m** na praia de Foxos

Cada centro realizou un vídeo resumo da actividade que se pode consultar na canle de youtube do GALP-RP (https://www.youtube.com/channel/UC0wniYYkrQhVPAKkDOLnepA/videos)

Xornada de presentación dos proxectos aprobados

O GALP Ría de Pontevedra pechou 2019 cunha xornada de presentación dos proxectos aprobados nas convocatorias do 1 de marzo e do 1 de setembro, para manter informadas ás persoas socias, promotoras e público xeral das iniciativas de mellora da competitividade e de xeración e dinamización da actividade económica que se están a desenvolver no territorio.

As persoas promotoras foron as encargadas de presentar os seus proxectos na Finca de Briz, en Marín. Nada mellor que escoitar ás propias persoas que emprenderon para animar a presentar solicitudes de axuda nas vindeiras convocatorias.

Podes atopar vídeos resumo das actividades do GALP Ría de Pontevedra na nosa canle de Youtube (https://www.youtube.com/channel/UC0wniYYkrQhVPAKkDOLnepA/videos) e na web galpriadepontevedra.org

Indicadores acumulados de execución 2016-2019

Execución	Importe comprometido / xustificado 2016 - 2019			Desenvolvemento local participativo			Porcentaxe		
	Produtivo	Non produtivo	Total	Produtivo	Non produtivo	Total	Produtivo	Non produtivo	Total
Valor engadido	636.933,59 €	321.020,22 €	957.953,81 €	1.408.316,68 €	635.690,77 €	2.044.007,45 €	45%	50%	47%
Diversificación	1.142.327,96 €	211.726,60 €	1.354.054,56 €	796.005,08 €	375.180,02 €	1.171.185,10 €	144%	56%	116%
Medioambiente	485.613,25 €	8.339,84 €	493.953,09 €	314.505,50 €	204.289,42 €	518.794,92 €	35%	5%	23%
Sociocultural	209.339,04 €	14.756,64 €	224.095,68 €	320.071,97 €	162.540,90 €	482.612,87 €	16%	12%	15%
Gobernanza		35.073,13 €	35.073,13 €	11.132,94 €	58.447,93 €	69.580,86 €	0%	75%	63%
Total Programa de axudas	**2.474.213,83 €**	**590.916,43 €**	**3.065.130,26 €**	**2.850.032,17 €**	**1.436.149,03 €**	**4.286.181,20 €**	**81%**	**42%**	**68%**
G.Dinamización	—	—	217.617,25 €	—	—	285.745,42 €	—	—	95%
G. Funcionamento	—	—	380.996,48 €	—	—	1.142.981,65 €	—	—	42%
Total Xestión	**—**	**—**	**598.613,73 €**	—	—	**1.428.727,07 €**	—	—	**52%**
TOTAL XESTIÓN ESTRATEXIA			**3.663.743,99 €**			**5.714.908,27 €**			**64%**

Resultados

Indicador		Resultados 2019		Resultados acumulados 2016 - 2019	
Gasto público total en proxectos produtivos		426.314,95 €		1.845.785,45 €	
Gasto público total en proxectos non produtivos		148.256,97 €		503.685,32 €	
Investimento total en proxectos produtivos		2.345.397,79 €		7.994.890,52 €	
Investimento total en proxectos non produtivos		206.054,40 €		1.303.642,90 €	
Empregos nos proxectos financiados (UTAS)		M	H	M	H
Creados		2,5	7,5	11,5	16.75
Consolidados		6	7,83	78,39 [H+M]	
Empresas creadas			2		7
Actividades/operacións subvencionadas		P	NP	P	NP
		11	5	31	17
…de valor engadido		4	2	13	7
…de diversificación		0	1	11	6
…de medioambiente		4	1	5	1
…socioculturais		2	1	2	2
…de gobernanza		0	0	0	1
…promovidas por persoas ou entidades do sector pesqueiro.		4	2	15	12
Actividades/operacións vinculadas coa PPC.		1	2	5	10
Actividades/operacións vinculadas co crecemento azul		5	1	13	4
Número de actividades/operacións subvencionadas relacionadas co cambio climático e coa redución da pegada de carbono: mellora da eficiencia enerxética, emprego de enerxías alternativas, redución ou mitigación do cambio climático, transición a unha economía de baixas emisións de carbono.		2	1	4	1
Beneficiarios de actividades de formación		M	H	—	—
		6	20	—	—

M: Mulleres | H: Homes | P: Produtivo | NP: Non produtivo

Actividades de animación

	Resultado anual		Resultados acumulados 2016 - 2019	
Gasto público total nas operacións de animación	48.484,55 €		217.617,25 €	
Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación no GALP, da EDLP ou do programa de axudas no territorio	10		20	
Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación no GALP, da EDLP ou do programa de axudas fóra do territorio	—		—	
Persoas beneficiarias das operacións de animación	1.396		np	
Persoas beneficiarias das operacións de animación do sector pesqueiro	150		np	
Persoas beneficiarias de actividades de formación	M	H	M	H
	6	14	38	26
Número de novas/anuncios publicados en medios de comunicación convencionais	219 novas 125 anuncios		—	
Número de páxinas vistas en galpriadepontevedra.org	2.387		7.434	
Novas persoas seguidoras en Facebook Galp Ria de Pontevedra	66*		1.203	
Novas persoas seguidoras en Instagram Galp Ria de Pontevedra	120*		123	
Novas persoas seguidoras en Facebook Pescado artesanal	16*		1709	
Novas persoas seguidoras en Instagram Pescado artesanal	7*		548	

*Datos do 4T de 2019

GALICIA 2014-2020

Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra

A nosa oficina está aberta para axudarche, orientarte e apoiarte no desenvolvemento do teu proxecto.

Departamento exportadores 14,
Lonxa de Marín. Porto de Marín
36900 Marín

886 21 30 15 / 698 180 887
gacpontevedra@gmail.com
www.galpriadepontevedra.org

Toda a información sobre os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro en **www.galp.xunta.gal**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)